

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

BDNS (Identif.): 383023.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

- a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
- b) As entidades sen ánimo de lucro e as comunidades de montes.
- c) As empresas legalmente constituídas e autónomos.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto destas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica (código de procedemento IN421G).

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



Cuarto. Contía

1. A contía global da convocatoria ascende a 3.128.546,00 euros, dos cales 2.383.416,00 euros estarán financiados con fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

2. As subvencións que se concedan imputaranse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Beneficiarios	Aplicación orzamentaria	Importe
Empresas e autónomos biomasa tipoloxía B (Feder)	09.A2.733A.770.5	1.383.416
Administración pública local biomasa (Feder)	09.A2.733A.760.5	900.000
Entidades sen ánimo de lucro biomasa (Feder)	09.A2.733A.781.1	100.000
Empresas e autónomos biomasa tipoloxía A (fondos propios)	09.A2.733A.770.5	145.130
Empresa e autónomos xeotérmica (fondos propios)	09.A2.733A.770.2	300.000
Empresas e autónomos aerotermia e solar térmica (fondos propios)	09.A2.733A.770.3	300.000
Total		3.128.546

Financiaranse con fondos propios os proxectos de aerotermia, xeotermia, solar térmica e biomasa (excepto a tipoloxía B), promovidos por empresarios e autónomos.

Cofinanciaranse con fondos Feder os proxectos de biomasa promovidos pola Administración local e as entidades sen ánimo de lucro, así como os proxectos de biomasa, tipoloxía B, promovidos por empresarios e autónomos.

3. A intensidade máxima da axuda, segundo o tipo de beneficiario, será a seguinte:

Beneficiarios	Porcentaxe máxima de axuda
Entidades locais	80 %
Entidades xurídicas sen ánimo de lucro (que non realicen actividade económica) e as comunidades de montes	50 %
Empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas, a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais e no caso de medianas empresas, en 10 puntos porcentuais	50 %

A contía máxima da axuda por proxecto de biomasa será de 200.000 euros. No caso de redes de distribución de enerxía térmica, o límite será de 400.000 euros. En proxectos de aerotermia, xeotermia e solar térmica, a axuda máxima será de 100.000 euros.

A contía máxima por beneficiario será de 1.000.000 de euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e na páxina web do inega, www.inega.gal

Xunto coa solicitude presentaranse electronicamente, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

